

REUNIÓN CONSELLO DA MULLER NOVA

Data: 9 setembro de 2016

Hora: 11.00-12.20

Lugar: Espacio Arroelo. Michelena, 11. 3º

Asistentes:

Javi

Alba

Julia

Fouzía

Manuel

Jone

1

ORDE DO DÍA: PREPARACIÓN CAMPAÑA 25N

1. Presentación

Facemos unha pequena presentación da xente nova, de por que están no Consello e da xente veterana, por que continúan a estar.

2. Continuamos traballando sobre aspectos abordados na anterior sesión.

Recollemos cousas concretas para poder utilizar a modo de mensaxes que homes poidan lanzar a outros homes... sobre o que non se debe facer ou facer...

Comportamentos

- Ir mirando para atrás pola rúa
- Acudir as nosas amigas cando alguén se nos acerca con intencións
- Sentirte máis segura cando vas cun mozo que con amigas ou soa
- Pensar en utilizar as chaves como arma
- Estar pendente do que tomas pola noite...
- Por a bebida alcóhólica ao home sen preguntar e a outra a muller...
- Camisetas con mensaxes... tipo : Miña nai é guapa e comproume unha camiseta, meu pai é forte e comproume unha camiseta...

Comentarios

- Cala, ti de fútbol non entendes

- Vaite fregar os platos
- Muller tiña que ser... que mal conduce
- Muller xogando ao clash Royale? Que macholo
- Vaia guarra... vai provocando
- Vaia guarra, enróllese con todos
- Cala,ti deste non sabes...
- Que asco, vai sen depilar
- Só deberían ir en topless as tías cachondas
- Eu non quería serte infiel, pero púsoseme a tiro, non me quedou outra..."
- Déixame a min, isto é cousa de homes...
- Quero unha muller da súa casa...
- Se houbera ido eu... isto non houbera pasado... A ti non che fan caso...

3. Que se nos ocorre con esto para poder sensibilizar?

- Ofrecer apertas a homes ou mulleres que vaian en parella
- Manifestación so de homes
- Mensaxes concretos a través de fotos, con nomes e profesións de homes a pe de rúa... decindo son feminista.... e dando unha mensaxe sobre o que os homes non deben facer ou decir....
- Implicar a maniqués de homes de tendas... Inditex? Sería estupendo, é viable? E externalizamos...
- Implicar tamén a xente famosa
- Gravar esceas machistas dándolle a volta aos xéneros... un pouco como os titulares da prensa...

4. Colectivos a implicar

Pensamos en colectivos concretos que sería interesante implicar na campaña...

- Forzas armadas
- Construcción
- Condución
- Fútbol
- Xente nova que saia pola noite
- Estilismo
- Xente do mundo da noite...
- Hostalaría

Pendente

Quedar nunha semana, seguir ampliando ideas e concretar...



Quedar nunha semana, seguir ampliando ideas e concretar...